

Os novos versos inadaptados do músico Paulino Pereiro

Alvarellos Editora publica o seu libro *Poemas de ruxido e barruzo*, galardoado co 2º premio no Certame Literario de Vilalba.

Santiago de Compostela, verán, 2016.- O barruzo, esa chuvia pequena e teimuda que semella desaxustar o mundo, e o ruxido como metáfora –e berro– do creador inadaptado, son os dous eixes sobre os que se constrúen estes versos de Paulino Pereiro, *Poemas de ruxido e barruzo*, unha obra que recibiu en 2015 o 2º premio do Certame Literario do Concello de Vilalba. “O meu barco non ten océano”, escribe o poeta. O autor atopa abeiro nunha natureza que representa aquí o equilibrio, coma o río, “sangue paralelo do meu sangue”, ou o aire da mañá “que batalla contra o ruxido”. Sobre todos eles xorde tamén o acougo na función da propia escrita.

Trinta e seis poemas en verso libre que flúen musicais e poderosos estruturados coma un diario real, datado en tempo e espazo, escritos durante seis semanas dun verán no norte....

Paulino Pereiro (A Coruña, 1957) é compositor de música de cámara, orquestral, teatral e cinematográfica, cun amplo catálogo que supera as 250 composicións e ten sido interpretado en países de Europa, Asia e América. Publicou, entre outras partituras, a colección de pezas para piano *Caderno de melodías populares*, as *Melodías paisanas* e *Cancións de aquí e acolá* ademais de varios discos compactos coa súa música. Como escritor, é autor das pezas de teatro *O lector de Goethe*, *Cyrano de Bergerac* (en colaboración con Francisco Pillado) e *A representación*; as novelas *Entre dous* (en colaboración con Victoria Salgado), *Calidoscopio*, *Arredor de Chinto* e *Sinfonía cíclica* (finalista do Premio Lueiro Rey) e os libros de relatos *Desde unha mesa de café* (tamén na súa versión española), e *Habitar as illas* (Premio Carvalho Calero), así como os ensaios *Iniciación á linguaxe musical* e *Poética da música teatral*. Como poeta, publicou *Morte do Mar*. E traduciu a versión galega de *Blanche, dans la débâcle des ténèbres* de Daniel Thibaut.



FICHA TÉCNICA 46 pp | 14 x 21 cms |
ISBN 978-84-16460-11-3 | PVP: 8 €



- Para contactar con Paulino Pereiro: paulinopereiro@edu.xunta.es - 639 82 62 97
- Para contactar coa Editorial: prensa@alvarellos.info - 609 90 88 52 – 981 522 137